

CLUB DE LECTURA.
PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES.
CURSO 2021-2022.

- No mes de setembro se establecerán as temáticas anuais do club, segundo as preferencias do alumnado. O profesorado de Lingua Galega ou Lingua Castelá poderá pedir ao seu alumnado que escriba nunha folla os temas sobre os que mais lle interesa ler e despois pasará esa información á persoa coordinadora do Club de Lectura.
- Club Manga, Club Matemático, Club Xéneros Literarios, e Club Feminista/LGTBI foron as temáticas no curso 2021-2022, pero poderá haber cambios, mesmo poderían introducirse temáticas novas. Por exemplo, sería interesante abordar a temática Ecoloxista. O fundamental deber ser sempre ter en conta os gustos e intereses do alumnado, e tamén é importante coñecer o perfil do profesorado que participe anualmente no club.
- En setembro/outubro se levará a cabo a captación de alumnado participante. Unha vez establecidas as temáticas dos clubs hai que darlles publicidade entre o alumnado, así como das datas para apuntarse na Secretaría do Centro. Hai diversas posibilidades para dar a coñecer os clubs. Por unha banda, a través de anuncios nas pantallas dos corredores. Tamén é importante que a persoa coordinadora do club vaia en persoa polas distintas aulas difundindo toda a información referente os clubs de lectura. Os titores ou profesorado de Linguas poden tamén axudar na difusión.
- As datas de inscrición deberán ser antes do 15 de outubro na Secretaría do Centro. A inscrición realizarase por temáticas, non por cursos, e se permitirá que o alumnado poda apuntarse en máis dun club.
- De cara a ter unhas sesións do club de lectura viables, en principio non debería haber máis de 15 alumnos por club. Dado que hai clubs que teñen unha alta demanda, como por exemplo, o Club Manga, todo club que supere ese número, poderá desdoblarse en dous, sempre que se dispoña de profesorado suficiente para levalos.
- Setembro/outubro tamén é o momento para dar a coñecer entre o profesorado os clubs de lectura e facer a captación do mesmo para realizar a tarefa de profesor-guía nas sesións semanais ou quincenais, segundo acorden co alumnado. A mellor canle para levar a cabo esta tarefa de información e captación é que a persoa coordinadora do club fale persoalmente con cada profesor.
- Segunda quincena de outubro. É o momento de facerse co material necesario para levar a cabo as sesións dos clubs. Ten que haber consenso entre alumnado e profesorado, pois as lecturas deben ser do agrado dos

alumnos.

- Aquí a persoa coordinadora do club terá que traballar en contacto co profesorado guía dos clubs, a persoa coordinadora da Biblioteca e as librerías, en caso de que fora necesario mercar material. Dado que estamos irmandados co Club de Lectura do IES de Poio, podemos tamén obter información sobre lecturas e facer intercambio de libros con eles. Nos blogs dos clubs de lecturas doutros institutos tamén se atopa información interesante sobre lecturas. Temos tamén contacto con IES Xunqueira II, que leva moitos anos levando un Club de Manga, polo que sempre podemos intercambiar información con eles sobre lecturas e outro tipo de actividades. Tamén pódese valorar a lectura por Internet, especialmente de Mangas. Ao respecto do Club Feminista/LGTBI é moi interesante o asesoramento por parte do Concello para elixir lecturas, dado que facilitan a posibilidade de traer ao centro os autores para que teñan encontros co alumnado do club de lectura. Isto é fundamental telo en conta á hora de poñer as lecturas, porque hai editoriais que ofrecen esa posibilidade, e que veñan os autores ao centro é altamente motivador para o alumnado.
- Na primeira quincena de novembro comenzan a funcionar os clubs de lectura. A reunións terán carácter semanal ou quincenal, e serán acordadas previamente, tamén do lugar onde se van producir.
- A persoa coordinadora dos clubs estará en contacto co profesorado guía para calquera necesidade que poda xurdir, para comunicarlle informacións sobre actividades que se podan levar a cabo por parte dos clubs, saídas para mercar libros, etc. e poderá convocar diversas reunións con tales fins. Así mesmo, será a encargada de informar a todo o alumnado do club de lectura sobre actividades, encontros, etc que vaia levar a cabo o club de lectura.
- Na última semana de decembro, a persoa coordinadora do club deberá facer a inscrición para participar no Salón do Libro e acordar cos profesores guía e a persoa coordinadora do Salón as actividades nas que vaia participar o Club de Lectura.
- A finais de cada trimestre pódese realizar unha actualización do blog do club de lectura por parte da persoa coordinadora do club. Ten especial importancia a participación do alumnado do club, a través dos seus comentarios sobre as lecturas, opinións,... que o profesorado guía lle pedirá que escriba para poñer no blog.
- A comenzo de cada trimestre se levarán a cabo reunións entre a coordinadora do club e o profesorado guía, para decidir posibles lecturas que realizar e actividades nas que participar.
- A finais de xuño, a persoa coordinadora do club realizará unha memoria de todo o curso.